

BERNARDINO MACHADO E FRANCISCO GINER DE LOS RÍOS
ENTRE 1886 E 1910. AMIZADE, IBERISMO
E ESPÍRITO DE REFORMA EDUCATIVA

Eugenio Otero Urtaza

Universidade de Santiago de Compostela

NO TEMPO DO LIBERALISMO

►► Nas relacións e nas influencias recíprocas entre educadores españois e portugueses dificilmente se podería atopar outro caso coa transcendencia histórica coma o encarnado pola amizade e o intercambio intelectual que mantiveron, ó longo de moitos anos, Bernardino Machado (1851-1944) e Francisco Giner de los Ríos (1839-1915). A ninguén se lle oculta que estamos ante dous grandes reformadores da educación ibérica desde o ámbito do liberalismo progresista, ou se se quere, desde uns ideais sociais que popoñían alcanza-la modernidade partindo de fortes sentimentos nacionais, e que tanto en España coma en Portugal exerceron un influxo excepcional nos acontecementos que foron perfilando o devir educativo dos nosos pobos. Tanto Bernardino Machado coma Francisco Giner están sempre na raíz de moitas das innovacións que provocaron transformacións no sistema educativo; os dous loitaron por estende-la escolaridade e a formación xeral dos cidadáns como un medio para alcanza-la modernidade democrática e esforzáronse por difundir uns ideais civís que propoñían unha sociedade libre de calquera tutela confesional ou dogmática na forma de se organizar.

1

Francisco Giner e Portugal

Nada indica que entre eles houbera unha relación de amizade anterior a 1886, aínda que xa se trataran circunstancialmente nalgunha ocasión. Francisco Giner viaxaba regularmente a Lisboa desde 1879, ano en que o seu pai, Francisco Giner de la Fuente, foi vivir alí coa súa segunda esposa Elena López-Vera; pero non foi ata o verán de 1886 en París, onde asistiron ó Congreso e á Exposición Universal, cando empezaron a ser amigos. Alí estaba Giner acompañado por Cossío, Agustín Sardá, Álvarez Buylla, Adolfo Posada e Salas y Ferré. Foi a primeira saída a Europa de Bernardino Machado, e desde entón a amizade chegou a ser tan forte que, no eloxio que Jaime Cortesão fixo de Machado en 1945, sinalou a Francisco Giner e a Nicolás Salmerón como os únicos españois cos que “privara intimamente”¹.

¹. Oliveira Marques, A. H. de: *Bernardino Machado*, Lisboa, Edições M, 1978, páx. 286.

En 1883, Giner e Cossío entraran por Galicia para visitar Portugal. O domingo, 23 de setembro, chegaron a Coimbra onde os esperaba Alexandre Rey Colaço, que ó día seguinte daba un concerto na Academia de estudantes cun piano “horriblemente desafinado” no que se puido escoitar obras de Haendel, Listz, Rubinstein e Ritter. Bordallo Pinheiro, que presenciou o concerto, realizou ese día unha caricatura do músico portugués, que Cossío di que “es chapeau”, e despois foi admirada polos estudantes no Café Lusitano. Nas súas notas fala do ambiente que ten a Facultade de Dereito na que atopa a dous positivistas, un deles era o profesor de Dereito Político Emilio García, pero non se di nada doutros profesores. Bernardino Machado, sen embargo, xa era deputado do partido rexenerador, catedrático de agricultura e presidente da Asociación Liberal de Coimbra, e poucos días máis tarde, o 16 de outubro, pronunciaría a “oração da sapiência”.

Os primeiros anos de viaxes de Francisco Giner por Portugal quedaron plasmados nun libro que escribiu conxuntamente co seu irmán Hermenegildo: *Portugal. Impresiones para servir de guía al viajero*. Nótase que é un conxunto de escritos anterior á súa relación con Bernardino Machado, e que nos revela que as súas primeiras amizades portuguesas foron Teófilo Braga, João de Andrade Corvo, Ramalho Ortigão e Rafael Bordallo Pinheiro do que di que é “un feliz dibujante que retrata en una silueta a un hombre, presentándolo de cuerpo entero, esto es, alma y cuerpo; en un perfil ridiculiza a una clase; en un boceto marca un vicio social”. Tamén describe neste libro un clérigo polo que amosa moita simpatía: o padre Antonio de Almeida, capelán do Senhor da Pedra, moi coñecido polo seu labor de emancipación dos pescadores da lagoa de Óbidos e dos obreiros de Peniche, e do que di:

Más que un portugués, el cura de Obidos parece un florentino: tal resulta de la finura y delicadeza con que se expresa y del clarísimo ingenio con que suple su razón adonde su ciencia no alcanza, sustituyendo con la intuición la profundidad de sus meditaciones. Para su inteligencia, pensar es ver; la reflexión en su entendimiento equivale al acto rapidísimo de adivinar. Lo que en el común de las gentes nace de la obra lenta y de la continuada elaboración de trabajos intelectuales, brota en él como la chispa al contacto del pederna².

Quizais non é coincidencia que Bernardino Machado empezase a manifestar un maior interese pola educación ese mesmo ano de 1886, cando o 15 de

2. Giner de los Ríos, Francisco e Hermenegildo: *Portugal. Impresiones para servir de guía al viajero*, Madrid, Imprenta Popular, 1888, páx. 230.

marzo pediu na cámara de deputados a creación, de novo, do Ministerio de Instrucción Pública. En 1884 fixera unha afervoadada defensa da liberdade de ensinanza na cámara de deputados e, o 16 de outubro de 1885, leu por segunda vez a “oração da sapiência” na Universidade de Coimbra, na que indicaría que ningunha escola se pode encerrar entre as catro paredes da aula, porque a relación entre a escola e a sociedade se constrúe “sempre que o profesor se encontre com o discípulo, nos museus, gabinetes e laboratorios, examinando os mesmos obxectos e experimentando á mesma meza, em excursões, em simples passeios, en calquer conversa, no mesmo desejo de ver, em comunhão de impressões e de idéas, no mesmo enlevo, no mesmo alvoroço intellectual”³. Non é de estrañar que simpatizara rapidamente con Giner.

2

Os primeiros anos de amizade. 1886-1891

O comezo da amizade entre Bernardino Machado e Francisco Giner, en 1886, pódese establecer fielmente por unha carta do primeiro en 1899, na que di: “Plenamente d’acordo no que di a ese respecto: sobretudo nos é precisa a comunhão moral com os boms, infelizmente tão raros nas clases altas em Portugal. Por isso a sua convivencia e amizade, meu amigo, que alcancei com a minha viagem en 1886, tem sido para mim un dos mais preciosos dons da minha bôa fortuna”⁴. A carta máis antiga que coñecemos de Bernardino Machado a Giner data de 1887. Nela descúlpase por non lle ter escrito antes xa que estaba indisposto, e que incluso pensara en recorrer á terapéutica do seu amigo: “ás excursões e mais que tudo a sua companhia e dos seus e meus boms amigos, especialmente do noso Cossío”⁵. Dálle conta de ter lido dous artigos consecutivos seus no *Boletín de la Institución Libre de Enseñanza*; o primeiro ó que se refire é “El espíritu mecánico de la educación” que considera excelente; e do segundo: “Lo que necesitan nuestros aspirantes al profesorado”, fixouse en “as considerações com que recomendou a educação inglesa”. Nesta carta tamén denota certa distancia con respecto a Adolpho Coelho, con quen Giner mantiña unhas relacións máis antigas, basicamente porque era o principal difusor do fröbelianismo en Portugal, e que naqueles momentos estaba dirixindo a escola

³ Bernardino Machado: *Afirmaciones publicas 1882-1886*, Coimbra, Imprenta da Universidade, 1888, p. 180.

⁴ Carta de Bernardino Machado a Francisco Giner, datada o 11/X/1899.

⁵ Carta sen data de Bernardino Machado a Francisco Giner. O ano dedúcese pola referencia ó nº 239 do BILE.

Rodrigues Sampaio⁶. Tamén lle fai saber que desde a morte de Fontes se separou do partido rexenerador. “Estou par tanto sem política”, dille; tempo que pensa aproveitar para supli-las súas lagoas en educación.⁷

En xuño de 1888 foino visitar a Madrid. Gozou duns días de moita actividade social nos que ten longo tempo para se reunir con Cossío, Rubio, Alberto Giner, Constantino Rodríguez, Santos María Robledo, Hermenegildo Giner e Augusto González de Linares, ós que menciona nunha carta o 28 de xuño, á súa chegada a Lisboa, na que lle manifestou que regresaba máis con saudade ca con recoñecemento: “O peor e que eu não passa d’uma vez matar a saudade, tendo para sempre a súa compañía e dos seus amigos, muito especialmente o Cossío e o Rubio”. O 10 de xullo vólvelle agradece-lo recoñecemento que lle fixeron e mándalle un exemplar de *Argonautas* para Joaquín Costa, un *Plano das obras do Porto de Lisboa* para Fernando Arenal, e un *Atlas* de Portugal para Rafael Torres Campos, e prégalle que lle envíe unha nota co nome das persoas que se van reunir para obsequialo. Poucos días máis tarde, reuniuse a xunta de profesores da Institución Libre de Enseñanza e por unanimidade decidiu nomealo “profesor honorario”. Labra comunicoullo oficialmente e contestoulle cunha carta na que lle dicía: “Creia que poucas distincões eu podería apreciar tanto como esta, que me ven da nobre nação irmã da miha e do seu gremio livre quiza mais benemérito en que propugnam pela sagrada causa da educação, a qual me devotei tambem, alguns homens a quem mais quero”.

Durante este ano Bernardino Machado tivo importantes problemas de saúde, e foi atendido por Souza Martin, un médico que tiña unha enorme devoción popular na rexión de Porto e que o levaría en setembro a Mondariz e ás montañas do Xurés. O 9 de febreiro contariálle a Giner: “Effectivamente acho-me incomparavelmente melhor, quasi normalmente. Atribuo-o ás excursões que ahi principiei e despois prosegui no Alto Minho (...) e na zona do Jeres, proximo a Galliza, e tambem en Mondariz durante a temporada d’aguas;

⁶ Adolpho Coelho consideraba “inimigo” a Teófilo Braga, conforme lle indicaba nunha carta a Giner con data do 3/VI/1886. Nesta mesma carta considera a Bernardino Machado “homen d’espírito culto e penetrante e excellent character”, pero pouco a pouco iríase afastando e así escribíalle novamente a Giner o 3/VII/1887: “Com relação a B. Machado não sei o que será, porque ignoro completamente quaes sejam os seus projectos. As suas aspirações são por certo muito diversas das minhas e, em quanto amigos, não somos colaboradores numa mesma obra, porque elle parece julgar que obra melhor só, e porque o círculo estreito em que me movo não basta para elle”. Unha percepción que non se atopa en Bernardino Machado, que sempre fala ben del: “O que eu não poder facer, de certo o fará de melhor vontade o Adolpho”, comentaríalle a Giner nunha carta o 15/XII/1888.

⁷ En xaneiro de 1886 renunciara á súa acta de parlamentario ó considerar que os seus esforzos eran inútiles.

atribuo-o tambeo ao baño ao modo de S. Martin; e atribuo-o aínda a variedade na alimentación, sobretudo ao uso dos miolos que adoptei por imitación da súa cozinha com que me dei tão bem”. Giner pedíralle información sobre a reforma que Portugal realizara recentemente na educación secundaria, obra de Luciano de Castro, pero Machado dille que non conviña difundir aquela reforma no estranxeiro. “Só lle devem convir os boms exemplos”, e sinálalle que xa lle enviou algúns dos seus artigos críticos para que coñecese a situación, engadindo:

Ora en não me atreveria a dar aos meus artigos esse desenvolvemento internacional. Muito principalmente quando me sinto em communhão d’ideas com quem tem em Hespanha auctoridade para a censura.⁸

Bernardino Machado non quería que en España se difundise unha reforma que non consideraba útil para o seu país, e que criticara con extrema dureza. Os seus esforzos cara ó mes de xuño de 1889 concentrábanse nunha institución creada recentemente, e da que foi nomeado presidente: a Academia de Estudos Livres de Lisboa; e así lle di nunha carta o día 24:

Fundou-se cá uma Academia de Estudos livres. Ha dias, os seus fundadores viram convidar-me para a presidencia. Adivinharam as nosas relações? Não sei. Sei que lhes citei o exemplo da sua Instituição e que Deus queira que a nosa Academia o imite. Mas quem é que nella fara as veces de D. Francisco, do Cossío, do Rubio?... O futuro dirá se ha gente para tanto.

Giner e Machado terían unha nova oportunidade de se atopar ese verán en París, onde asistiron á Exposición Universal que conmemoraba o centenario da Revolución Francesa, así como ó Congreso Internacional de Ensinanza Primaria, e isto permitiulles compartir uns días cos principais reformadores da educación europea: estaba Sluys, Dittes, Buisson, lord Sheffield, e tamén estaban Cossío e Adolpho Coelho, Rafael Torres Campos e Agustín Sardá. Despois desta viaxe Machado chegou a Portugal cheo de desexos para continuar as súas actividades de reforma. Elabora os estatutos da Liga Nacional de Educação Popular, e o 14 de abril de 1890 foi elixido par do reino. A principios deste ano houbo unha revolta estudantil nas universidades portuguesas por mor do ultimatum inglés, e algúns estudantes dirixíronse a Giner para lle pedir un escrito de apoio. Machado escribiulle pregándolle que accedese ás súas pretensións, pois el xa lles mandara unhas palabras de simpatía, porque cría que había que impoñer un pouco de cordura e de orde e relatáballe que mentres os alumnos de Coimbra carecían de dirección polo que provocaban disturbios, os de Porto estábanse comportando cunha gran sensatez, gracias á intervención de

8. Carta de Bernardino Machado a Francisco Giner datada o 9/II/1889.

Anthero de Quental que lles redactou unha carta que era “un modelo de respeitoso vigor”.⁹

En maio finou o pai de Giner. Durante os últimos anos Bernardino Machado adoitaba incluír nas súas cartas noticias sobre a súa saúde, mesmo uns meses antes dixéralle que na primavera *rejuvenecería* coma en anos anteriores. Este acontecemento levou a Giner a Lisboa sen que rematara o curso, e foi posiblemente nesta viaxe cando escoitou unha conferencia do seu amigo na Academia de Estudos Livres sobre educación moral. Tamén o foi escoitar unha escritora moza que, ó final do acto, lle foi presentada polo orador, era Alice Pestana. A ela produciulle unha impresión moi profunda a súa primeira conversa con aquel español ata o punto que a deixou reflectida nun artigo. Pouco sospeitaba Caiel que nove anos máis tarde coñecería un español co que ía casar e traslada-la súa residencia a España: Pedro Blanco, que en 1899 visitaría Portugal á procura dun alivio para a súa enfermidade. O mozo non podía gozar de grandes paseos e o seu tempo discorría entre un pequeno círculo de amigos cun tema case único para a tertulia: o seu gran mestre Francisco Giner de los Ríos.

Bernardino Machado faríalle saber a don Francisco o que estaba ocorrendo por unha carta na que lle indicaba a existencia dun “*flirt* iberico em S. Martinho (adleve a indiscreção), ao responder-lhe que tenho na melhor conta intelectual e moral a D.A.P. Ella, pelo seu trabalho, fose hoje entre nós d’uma situação muito lisongeira, como mulher e como escriptora. Se, ainda assim lhe parecer necessario, posso livrar informações mais intimas”. Máis adiante dille na posdata. “Tem muito talento, é hoje uma escriptora notavel; sabe quanto é sympathica, e sempre me pareceu da máis perfeita dignidade”, e reitéralle que lle dará tanta información confidencial precise.¹⁰ Casaron o 5 de xaneiro de 1901, e a partir de entón viviu en Madrid ata a súa morte en 1930, como é ben coñecido.

3

O iberismo como referencia para un impulso de reforma

Pouco a pouco a amizade foise traducindo nunha comprensión mutua dos problemas dos dous países, asunto que xa tiña algúns antecedentes. A perda de peso no escenario mundial e a desconfianza tradicional entrámbolos estados

⁹. Carta de Bernardino Machado a Francisco Giner datada o 6/III/1890.

¹⁰. Carta de Bernardino Machado a Francisco Giner datada o 11/X/1899.

non impediron que ó longo do século XIX xurdise unha corrente que trataba de propiciar un achegamento co que lle facer fronte ó cada vez maior poder doutras potencias europeas. A *Revista Ibérica*, que aparecera en 1861, foi o primeiro órgano de expresión do krausismo español; e en Portugal comezara un certo sentir ibérico que, arredor de 1851, propagaban Alexandre Herculano e Casal Ribeiro, e que fora atacado polos xornais do miguelismo, chamándolles “traidores á patria” ós que querían borra-las fronteiras que levantara a historia. O tema volveu xurdir con forza trala revolución de 1868, e Prim chegou a facer xestións para que o rei portugués aceptase a coroa española e, cando se proclamou a república en 1873, tamén houbo intentos que remataron nunha Asociación Hispano-Portuguesa presidida por Nicolás Salmerón.¹¹

Nas súas primeiras viaxes a Lisboa, Giner notou que o iberismo estaba latente. “*velis nolis* a cada paso y con todo motivo”. Pero era entendido polo pobo portugués como un perigo de absorción por parte de España: “La justa susceptibilidad de los portugueses –*di*– se irrita ante la idea de una fusión, y razón sobrada les asiste; pero de algunos años a esta parte se viene notando que, seguros de lo que ellos valen por sí solos, un tanto emancipados (a lo menos en el deseo) de la influencia inglesa, ya se permiten discurrir acerca de las fases del problema para un porvenir muy lejano, cierto, mas futuro posible”. A idea xeral que Giner ten desta cuestión é que España non lle pode dar exemplo a Portugal pero que, dada a situación de ámbolos países, era posible pensar en se fundir nunha única nacionalidade ou federarse para formar unha potencia que esvaecese o estado de prostración política en que quedaran coa independencia das colonias máis importantes.

É posible que nos seus encontros Giner e Bernardino Machado falaran intensamente desta cuestión, máis visible en Nicolás Salmerón que participaba das súas confidencias, aínda que cría Machado que ás veces os partidarios da unificación política da península prexudicaban a boa causa dunha relación cordial entre as dúas nacións, que consideraba como o esencial e práctico.¹² Eran moi prudentes neste achegamento, e só nunha ocasión o político portugués lle fixo unhas declaracións ó xornal de Madrid *El Globo* que lle custaron certo desgusto ante a opinión pública portuguesa. Foi en 1897, un ano en que mantiveron un contacto máis activo, e Machado, especialmente, tivo unha gran proxección pública. En abril presidira o segundo congreso do maxisterio primario, ó que asistiron dous profesores españois: Victoriano F. Azcarra e

11. Álvarez Junco, José: *Mater dolorosa. La idea de España en el siglo XIX*, Madrid, Taurus, 2001, páxs. 527-528.

12. Carta de Bernardino Machado a Francisco Giner datada o 8/XII/1894.

Ezequiel Solana, e nas semanas seguintes instou a Giner a visitalo coa maior brevidade posible, e iso foi o que fixo nos primeiros días de agosto. Cando cumpriu a súa visita e marchou para Galicia a se reunir con Cossío e mais coa familia, quedou totalmente desconsolado ata o punto de que lle mandou un telegrama pregándolle que volvесе, porque esa intimidade e a vida espiritual era o que necesitaba, e coa súa marcha sentíase moi só.¹³ O interese por volver velo é tan grande que o 15 de setembro proponlle entrevistarse de novo en Salamanca, á volta de Giner. Non se chegaron a ver nesta cidade, pois Machado decidiuse a viaxar a Madrid a mediados de outubro, tal vez coa escusa de coñece-los plans do novo goberno liberal, xa que o 22 de outubro escribiulle dicíndolle que chegara sen incidencias a Coimbra despois de pasar por Medina del Campo e por Barco de Ávila.

O 24 de outubro, nunha nova carta achegoulle unha pequena entrevista, que el mesmo redactara, para que fose publicada en *El Globo*, ou noutro xornal español que se lese en Portugal. Ó día seguinte noutra misiva, moi breve, indicáballe: “Da *reportagem* que lle enviei hontem, era preferivel supprimir as palabras –passar d’uma politica espoliadora para uma politica desinteressada e nobre- Nossas saudades”. ¿Que ideas quería difundir con aquela entrevista que enviou a *El Globo*? O texto que lle remitiu a Giner dicía o seguinte:

- Desejava ouvir-lhe duas palavras sôbre os negocios publicos do seu país. São desesperadas as circunstancias do thesouro português?
- Não é bem assim. A nossa questão finacieira é gravissima, mas pode dizer-se que é no fundo uma questão politica: resolve-se, resolvida está! Basta que haja homens d’estado de coragem para lhe dar a sua verdadeira solução, que é a mais escrupulosa economia. Bastaria reduzir as despesas do estado aos limites em que a conteve a gerencia do 93, de que fiz parte. Nada mais simple! E comtudo isso importa uma mudança radical na concepção governativa; para isso é mester passar da actual politica expoliadora para uma politica desinteressada e nobre.
- E que reformas julga conducentes a esse fin?
- Primeiro que tudo, que o país seja representado pelos seus legitimos mandatarios. Um regimen parlamentar, que assente sôbre a libre organização das classes e sôbre a mais ampla descentralisação das governações territoriaes! Só uma representação nacional genui-

13. Vid. a carta datada o 6/VIII/1897, na que lle contaba: “Quando chegámos a casa, foi como si nos tivese morrido alguem. Até a Riba [?] perguntava se o Sr. Giner não volteava! Disculpe pois, o desfalecimento co que lhe telegrapei, pedindo-lhe que voltasse a fazer-nos companhia”.

na poderá arcar lealmente e vantajosamente com os embaraços da nossa situação, que não são unicamente financeiros, porque temos um país despovoado, analfabeto e nas condições mais precárias de trabalho, tanto no campo como nas cidades. Não nos faltam dificuldades; nem felizmente faltam ao nosso povo as energias e capacidade de sacrifício para ao superar.

- E essas reformas, crê que se possam fazer dentro das actuais instituições?

- Sera difícil. Por mais digno que seja o caracher pessoal do chefe do estado, não sei como elle hoje inspirará confiança politica a um novo partido reformador.

- E, em qualquer caso, qual será a politica externa d'esse novo partido?

- Não pode deixar de ser da mais estreita intelligencia com a Espanha sôbre os negocios continentaes, e com Inglaterra sôbre os assumptos ultramarinos.¹⁴

A publicação desta entrevista produciu unha gran conmoción en Lisboa, e os xornais dividíronse a favor e en contra. Pouco antes da inauguración do curso da Academia de Estudos Livres o 17 de novembro, na que precisamente trataría o tema "O estudo do país", incidiu con outra entrevista na prensa portuguesa na que reclamaba a necesidade de crear un partido avanzado, cun programa de reforma das institucións, que rematase coa crise do constitucionalismo monárquico, e preguntalle a Giner se a prensa española podería defender unha campaña favorable á corrente de indignación que existía en Portugal.¹⁵ Naqueles momentos aínda dubidaba qué camiño seguir, pero nos próximos anos o seu afán reformista levarao a posicións nitidamente republicanas despois de intensas campañas a prol dunha maior educación popular, que xa comezara o 1 de novembro co seu discurso "A socialización do ensino", no Instituto de Coimbra; continuaría, entre outras accións, como as súas "Conferencias livrés de Pedagogia" en 1900, o seu famoso discurso "Pela liberdade" en 1901, e remataría coa súa declaración de republicanismo o 31 de outubro de 1903, nunha conferencia no Ateneo Comercial de Lisboa.

14. A entrevista foi publicada en *El Globo* o 28 de outubro, suprimindo o parágrafo que pedira Bernardino Machado. *El Liberal* glosouna ó día seguinte. Os dous xornais lembran o afecto que o político portugués ten por España e o interese excepcional das súas declaracións.

15. Carta de Bernardino Machado a Francisco Giner datada o 22/XI/1897.

Unhas relacións de familia

A partir deste ano de 1903, paradoxalmente, as relacións para unir proxectos políticos son menos intensas. En 1892 Bernardino Machado abriu o Congreso Hispano-Portugués-Americano, pero previamente organizara en Lisboa o primeiro Congreso do Maxisterio Primario; e en 1893, cando foi nomeado ministro no gabinete de Hintze Ribeiro, chegou a comunicarlle a Giner a opinión que lle merecía cada un dos seus compañeiros no goberno. Na crise española de 1898, amosáralle a súa solidariedade, (aínda que pensaba que os xornais madrileños estaban causando un pésimo efecto na opinión pública portuguesa) porque vía que a guerra colonial tamén encerraba unha ameaza para o futuro de Portugal. Pero máis ca unha paixón reformada o que unía ós dous era unha viva inquietude intelectual, que se revela nun intercambio de lecturas, documentos e lembranzas ós amigos comúns. Nunha rápida visión sobre a correspondencia de Bernardino Machado a Giner, son moitos os pensadores, políticos e educadores que aparecen citados: entre outros, por parte portuguesa, aínda non nomeados: Antonio Bandeira, Alfredo Barjuna, Simón de Castro, João Chagas, Guerra Junqueiro, Oliveira Martins, Pinheiro Chagas, Eça de Queiroz ou Joaquín Vasconcellos; por parte española tamén hai referencias, entre outros, a Rafael Altamira, Arcimis, Concepción Arenal, Pedro Dorado Montero, Luis Morote, Emilia Pardo Bazán, Juan Facundo Riaño, Joaquín Sama ou Luis Simarro.

A Giner interesáballo moi pouco a política partidaria, e era remiso a colaborar en ningún tipo de manobra para derrubar ou colocar gobernos. Machado, pola contra, era un membro moi relevante da masonería: alcanzou a xefatura do Gran Oriente de Portugal en 1895 e aínda que renunciou a esta dignidade en 1899, participaría máis tarde na loxa "Patria" como "venerable honorario". Hai moi poucas referencias a esta cuestión nas cartas a don Francisco. Só nunha ocasión, con algo de retranca lle diría: Já que me referi á política, contar-lhe-hei que em Lisboa corre estar o goberno assutadissimo com a Maçoneria e ter-me mandado vigiar. (...). Estou a vêr que o D. Francisco foi secretamente prevenido dos riscos que corría na minha casa..."¹⁶ Poseniñamente percibiu que Giner era moi pouco dúctil ás conspiracións, e que máis ca un colega para concertar reformas políticas, atopou nel un conselleiro íntimo, un amigo ó que lle podía abri-las súas máis intensas inquietudes espirituais.

16. Carta de Bernardino Machado a Francisco Giner, s.f., [1897].

Por iso, cos anos, e sen desaparece-lo debate político entrámbolos dous, cada vez hai unha máis forte relación persoal e familiar; afectos que se estenden ós fillos, ou no caso de Machado, ós sobriños, e mais ós fillos dos amigos de Giner. Cando os fillos maiores de Bernardino van medrando, chega un momento en que empezan a visitar Madrid, e tratan a Giner coma a un irmán maior do seu pai, a quen lle agradecen os consellos. En setembro de 1899, Bernardino escribiulle unha carta ó seu amigo comunicándolle a intención de que o seu fillo Antonio estudie o próximo curso en España, ben en Madrid ou en Barcelona, e preguntalle se a época é propicia para atopar un bo alugueiro, pois está disposto a se trasladar a España coa familia. Giner respondeulle que o acollería con moito gusto na súa propia casa; pero Bernardino indicoulle que nese caso lle abondaría con que o aloxase nunha casa coma a de Ontañón, e que traballase baixo a súa dirección. O problema era que necesitaba o diploma dun instituto español para entrar na Universidade, porque ó non ter cursado estudos oficiais non lle permitían examinarse do grao, e isto obrigábao a perder algún ano facéndoos. “O que vale, -dille a Giner- é que elle e moito aplicado, e com o seu gusto pelas coisas do espirito, debe fazer carreira, a pesar de tudo. E moito principalmente, se puder aproveitar os consellos que eu espero que o D. Francisco ainda terá ocasión de lle dar. Será mais um *seu rapaz*”. Finalmente levou os seus fillos Antonio e Miguel a Zúrich, a un colexio que se chamaba Erica e no que foron intensamente preparados polo Sr. Hincker para ingresar na Universidade. Regresaron apresuradamente en outubro de 1901, aflixidos pola morte da súa avoa.

Antonio xa entraría ese ano no Politécnico de Lisboa, mentres que Miguel regresou a Zúrich. Bernardino descúlpase con Giner porque o seu fillo non puido parar en Madrid para velo, e insístelle en que o visite o próximo Nadal. “Se nos viesse ver este Natal! Descançava, e levaria para juntar aos encantos do seu Madrid un bom punhado d’este noso solo”. Acaba de publicar como libro *Notas d’um pae* engadíndolle capítulos inéditos que non figuraban nos seus artigos do Instituto de Coimbra. Pídelle a súa opinión “minuciosamente”, e quere falar con el dos que escribiu e “de todas as coisas mais”.¹⁷ Non se viron ese Nadal, e as cartas de Bernardino Machado refírense cada vez máis ós seus fillos. En 1905, comunicoulle que estaba reunindo as súas afirmacións políticas nun volume que levaría o título *Da monarchia para a Republica*. “E um prazer de velho -dille- rever a unidade moral da minha vida”. Giner fáille chega-lo seu libro máis recente, *Pedagogía universitaria. Problemas y noticias*, e respóndelle o 24 de novembro:

17. Carta de Bernardino Machado a Giner datada o 23/XI/1901.

Ha quantos días estou para lle escrever! Desde que li o seu primoroso libro –que li logo, e reli já, com enlevo, com amor- para lle o agradecer. Mas quiz mais, pensei ter por algums días a sua propia compañía.

Pero na medida en que Machado se implica máis nos acontecementos políticos que desembocaron na proclamación da I República portuguesa, a correspondencia vólvese máis escasa. De feito, a última carta conservada en Madrid está datada o 6 de setembro de 1910, é para dar noticia do paso de Rafael Altamaria e da súa familia por Portugal, e ninguén di o que xustamente acontecería un mes máis tarde; só lle pide que lle escriba unha carta o máis longa posible porque nunca sería tan longa como el desexaría.

5

Dúas personalidades moi diferentes cun mesmo ánimo vital

Bernardino Machado e Francisco Giner tiñan uns propósitos vitais que os levaron a un rico intercambio intelectual nos anos en que mantiveron unha intensa amizade, pero quen considere que se poderían establecer notables semellanzas nas súas formas de proceder, nos seus intereses reformadores ou mesmo no estilo de buscar e realiza-los cambios institucionais seguramente quedará decepcionado, porque as diferencias temperamentais e de pouso intelectual previo, son moitas. En primeiro lugar, Giner é krausista, admirador fervoroso do pensamento educativo de Fröbel, tamén krausista, mentres que a raíz fundamental de Bernardino Machado haina que buscar na cultura francesa: foi un fervente lector de Víctor Hugo na súa xuventude por influencia de Junqueiro e coñecía a obra dos socialistas utópicos, Saint-Simon, Fourier e Proudhon, gracias a José Frederico Laranjo.¹⁸ Despois, Giner preocupouse basicamente da formación xeral. Esa idea conforma o eixe do seu pensamento pedagóxico e por ela loita en tódalas fronteas, porque cre, case desde un principio e conforme á súa curta experiencia política no Sexenio Revolucionario, que o país só se poderá transformar mediante unha lenta e persuasiva acción pedagóxica apartada da actividade política, e incluso desdeñando o sistema política vixente: a restauración.

Parte así no seu plan de reforma dun republicanismo inicial, mentres que Bernardino Machado será ministro da monarquía e non fará profesión de fe republicana ata 1903, dirixindo a súa acción política educativa basicamente cara á formación técnica e profesional. Giner non se dedicou á política activa, e só en dúas ocasións pronunciou discursos públicos, en 1869 para apoia-lo

18. Fernandes, R.: *Bernardino Machado e os problemas da educación popular*, Lisboa, Livros Horizonte, 1985, páx. 16.


plan de reforma de Eduardo Chao e en 1882, no Congreso Nacional Pedagógico de Madrid. Nos momentos culminantes do seu ímpeto reformista, despois da súa experiencia co partido rexenerador e antes de efectuar a súa profesión de fe republicana, Bernardino Machado apoiárase na masonería como vía de transformación social, Giner pola contra, fiel ó artigo 15 dos estatutos da Institución Libre de Enseñanza, sempre quixo marcar distancias cos hiramitas, e aínda que tiña amigos masóns, el persoalmente mantivo un forte enfrontamento co Gran Oriente Español por mor da campaña ferrerista.

Son camiños cruzados, máis ca paralelos. Giner é un intelectual completamente desencantado da acción política, mentres que Machado non. Comeza unha acción política pública coa monarquía e despois, apartándose progresivamente dela, refúxiase durante os anos da súa travesía cara ó ideal republicano en establecementos particulares e libres. Giner, pola contra, parte dunha fundación particular que establece como modelo para as reformas na ensinanza pública. Só a partir de 1903, Machado parece consciente da importancia que ten modifica-lo marco político, e faise protagonista dese cambio: “A preocupación com um ensino democrático cede lugar a uma outra: a urgência da mudança social e política”.¹⁹ Se como monárquico esperaba das instancias políticas a recuperación da escola para poñela ó servicio da nación, como republicano pensa na escola como un elemento básico para rexenera-la nación. Transita así dun ideario pedagógico a un político: xa non quere reforma-la educación, senón que o que pretende é un cambio político, no que a educación primaria sería fundamento da democracia, da moralidade colectiva, da riqueza pública e do sentido nacional.²⁰

Cunha Leal conta unha interesante anécdota, recollida dunha conversa entrámbolos dous, que nos pode deixar moi ben establecida a diferenza de talento das dúas personalidades. Nunha ocasión, na que se abría solemnemente o curso na Institución Libre de Enseñanza invitaron a Giner a asumir a presidencia e el negouse tallantemente. Contoullo a Machado e preguntoulle: “Por que não os contentar e deixá-los desconsolados com a sua negativa?”. E Giner respondeulle: “Es que mi gran fuerza consiste en no aceptar nada del movimiento por mi desencadenado, ni siquiera una sencilla presidencia”. O seu amigo replicoulle: “Pois, ao contrário, na minha terra, sou, por assim dizer o presidente nato de todas as reuniões a que assisto”, e volvéndose ós seus interlocutores dicía: “E agora cá andan alguns amigos a pensar em min, com idêntica finalidade, para a Presidência da República”. ◀

19. Machado Rosa, E., *Bernardino Machado: protagonista da mudança*, Braga, Câmara Municipal de Vilanova de Famalição, 1991, p. 14.

20. Pulido Valente, V.: *Uma educação burguesa*, Lisboa, Livros Horizonte, 1974, páxs. 121-131.



*Viaje por las Escuelas
de España*

LUIS BELLO

Viaje por las Escuelas
de España


• • •

EXTREMADURA

PRÓLOGO DE AZORIN

Suma de varios viajes. → Cáceres
y Badajoz. → Cien kilómetros en
Portugal

MADRID • 1927
ESPASA-CALPE, S. A.



William Heaford

Da Liga Internacional para a Educação Nacional da Infância

A

ESCOLA MODERNA
DE BARCELONA

TRADUÇÃO AUTORIZADA PELO AUTOR
E ANOTADA POR
Jose Simões Coelho



1910
GUMARAES & C. — Editores
66, Rua de S. Roque, 70
LISBOA

A Escola Moderna de Barcelona